**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 24 DE SETEMBRO DE 2020**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día vinte e catro de setembro do dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

**Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Dª. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL,
Dª MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
Dª. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
Dª. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D.ª SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

**Polo Grupo Político Popular:**

Dª. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

**Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
Dª. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

**Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

Dª. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
Dª. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión o interventor accidental, don Roberto Babío Fernández e dá fe do acto a secretaria xeral accidental, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

**1.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data dezasete de setembro de dous mil vinte, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión extraordinaria de data vinte e un de setembro de dous mil vinte, que literalmente di:

"PROPOSTA

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 22 de xullo de 2020, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo en base aos motivos expostos na proposta.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 27 de xullo de 2020 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial e da apertura dun prazo de trinta días durante o que os interesados poden examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo presentáronse dúas alegacións: unha presentada por don Roberto Tizón Meréns na súa "condición de Responsable de Administración Local da CIG na comarca da Coruña" (data de presentación no Rexistro Municipal 26/8/2020 e número de rexistro 2020/6353) e outra por don José Ricardo Pérez Pérez, funcionario deste Concello (data de presentación 28/8/2020 e número de rexistro 2020/6416)

Visto o expediente e considerando os informes do xefe de servizo de economía e facenda, da secretaría xeral e da intervención xeral, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Rexeitar as alegacións presentadas, ao considerar que a modificación da relación de postos de traballo, proposta en uso da potestade de autoorganización que se concreta no que respecta á xestión do persoal na discrecionalidade para configurar unha organización peculiar e adaptada ás necesidades concretas, é oportuna, está debidamente motivada e cumpre cos requisitos legais establecidos para proceder á súa aprobación.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación de relación de postos de traballo aprobada inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2020."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que se trae ao pleno a resolución de alegacións e aprobación definitiva da RPT e que, como saben, presentáronse dúas alegacións a esta relación de postos de traballo, unha por parte dun representante da CIG e outra por parte dun traballador municipal, xirando ambas en torno aos mesmos motivos como son a creación dun novo posto, o de xefe de área de Urbanismo, e a valoración da RPT a eses novos postos, centrándose concretamente nese posto de xefe de área e nos postos de segunda actividade da Policía; que baseándose nos mesmos argumentos aducidos polo equipo de goberno no momento de someter a aprobación inicial este procedemento ambas alegacións foron desestimadas pois a motivación do novo posto de xefe de área de Urbanismo está máis que xustificada pola cantidade de expedientes pendentes de resolver e pola necesidade de darlle un perfil técnico a área de Urbanismo, área que se reforzou na oferta pública de 2019 cunha praza de técnico de Urbanismo e coa creación dunha praza de arquitecto, sendo ao final a intención do equipo de goberno coa creación deste posto solucionar a cantidade de problemas que por falta de persoal se levan arrastrando durante moitos anos; que outro dos puntos a ter en conta son as valoracións pois as valoracións dos complementos específicos foron reguladas polos factores que o Concello ten xa aprobados e en base a eles fixéronse as



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

valoracións da puntuación e o complemento de destino é unha xerarquización dentro dos tramos dos grupos que están establecidos; que por estes motivos desestímanse as alegacións e solicítase o voto favorable neste punto.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo seguen sen entender a que se debe esa modificación da Relación de Postos de Traballo, da RPT do 2020 e máis concretamente, a que se debe a creación dun novo posto como é a xefatura de área de Urbanismo cando Culleredo segue a ter vacantes como un posto de técnico de Urbanismo desde o ano 2012 ou un de arquitecto desde a súa creación no ano 2016 e outras que hai que cubrir dentro do Concello; que Culleredo leva xa 20 anos a voltas co Plan Xeral de Ordenación Municipal e pregunta se agora necesítase urxentemente un xefe de área que aprobe dito Plan; que xa lle informaron do que se debería correxir do PXOM e o equipo de goberno debería comunicalo a quen deba correxilo, deixándoo moi claro o arquitecto municipal don José Ricardo Pérez Rodríguez nas súas alegacións presentadas o día 28 de agosto de 2020, nas que di que o Sr. alcalde parece que, baixo a apariencia formal dun reaxuste innecesario, esconde o afán de poñer, como xa fixo no seu día co xefe de área de Medio Ambiente e Servicios, unha persoa afín que lle diga o que quere escoitar ou modificar á marxe da estrita legalidade amparándose en que é o que di o xefe de área, perseguindo un fin completamente distinto ao que pretende xustificar, o que puidera ser interpretado como unha desviación de poder xa que persegue un fin distindo ao que se contén na norma, podendo concluirse que con esta actuación o órgano administrativo persegue un fin alleo por completo aos intereses xerais como se a finalidade que pretende obter de natureza pública fora distinta da prevista na norma habilitante; que neste senso, o arquitecto municipal lle recorda ao equipo de goberno que os aproximadamente 800.000 m2 de solo da Zapateira que se clasifican no documento do PXOM en tramitación como solo urbanizable resolven soamente un interese privado que podería ter altos custos para todos os veciños de Culleredo, ademáis de terse recalificado ese uso de equipamento a residencial e ser legalmente inadmisible; que pensa que ao ler as alegacións do arquitecto municipal a cousa queda perfectamente resumida e, como ben solicita dito arquitecto nas súas alegacións, non se debe proceder á aprobación definitiva da modificación proposta; que o voto do seu grupo vai ser en contra e dille ao Sr. alcalde que unha vez máis non escoita, que tanto el como o seu equipo de goberno seguen sen escoitar un día á secretaria, outro día á interventora e agora, ao arquitecto municipal.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece que o compañeiro de Alternativa dos Veciños lera a alegación do Sr. arquitecto municipal pois cre que é importante que todos os que asisten ao pleno polo vídeo poidan saber en que consiste e simplemente el quere remarcar e insistir no último parágrafo no que o arquitecto municipal, na súa condición de alegante, indica que os aproximadamente 800.000 m2 de solo da Zapateira que se clasifican no documento do PXOM en tramitación como solo urbanizable resolven soamente un interese privado que podería ter altos custos para todos os veciños de Culleredo, ademáis de terse recalificado ese uso de equipamento a residencial e ser legalmente inadmisible; que a outra alegación é da CIG e nela indícase como como parte das modificacións efectuadas créase un novo posto de Xefatura de Área de Urgbanismo considerando que a creación deste posto non se axusta a dereito polos seguintes motivos:

– Que se trata de xustificar a creación dese posto co argumento da necesidade de dimensionar o servizo cando se manteñen vacantes un posto de Técnico de Urbanismo, dende o ano 2012 e outro de arquitecto, dende a súa creación no ano 2016.

– Que no cadro de postos da RPT requírese a titulación de Arquitecto para o acceso a este posto e asemade clasifícase en AX/AE cando pola titulación requirida só pode ser AE (administración especial), debendo terse en conta que na proposta da concelleira non leva titulación asociada e na ficha descritiva do posto se lle requitre especialización en materias relacionadas co urbanismo.





Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

– Que a este novo posto a ocupar por un Arquitecto se lle adxudica un nivel 30 de complemento de destino e 300 puntos na valoración do complemento específico mentres se mantén sen cubrir outro posto de Arquitecto con nivel 24 de complemento de destino e 140 puntos na valoración do seu específico.

A continuación prodúcese un debate entre os asistentes ao Pleno sobre problemas na transmisión da sesión por vía telemática, indicando o Sr. alcalde que está a técnico informática supervisando toda a transmisión e invitando ao Sr. Chouciño a seguir coa súa intervención ou, do contrario, dará paso á seguinte.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que por concluir xa con este tema lle solicita aos distintos voceiros/as estudar que se vai facer con este tema e que haberá que reclamalo na vía que corresponda pois o que non pode ser é que reiteradamente se incumpra cun dereito cívico.

Responde o Sr. alcalde que poden reclamar onde consideren oportuno e que o equipo de goberno ten a completa seguridade e a tranquilidade de que a sesión estase transmitindo polo cauce autorizado no Concello de Culleredo e supervisado polo departamento de Informática invitando de novo ao Sr. Chouciño a continuar no uso da súa quenda de palabra ou, caso contrario, dará paso á seguinte voceira para que proceda coa súa intervención ou procederá a someter a proposta a votación se ninguén máis desexa intervir.

Responde o Sr. Chouciñó Garrido e di que el ten que facer uso da palabra con todas as garantías e este é o dereito que reclaman.

A continuación o Sr. Chouciño, retomando a súa intervención, di que estaba lendo a intervención feita pola CIG onde se indica que a proposta da concelleira non leva titulación asociada e que na ficha descritiva do posto requírese "especialización en materias relacionadas co Urbanismo" cando isto non é unha descrición dunha titulación e que, referíndose ás cantidades asignadas como complementos de destino e específico non se efectuou a valoración singularizada do posto como é preceptivo; que hai unha semana lle preguntou unha persoa por que funcionan tan mal os servizos municipais e poñíalle exemplos preguntando que pasa coas obras, coa praza de Vilaboa, que tardou moito en empezarse e cando empezou pronto quedou parada, que pasa coa cuberta do parque das Brañas, valada ao redor pero sen recibir malia que xa se acabou fai bastantes meses, que pasa co pavimento de Residencial A Ría, esa obra na que se puxo pavimento impreso que está sen recibir e que está aberta ao público, podendo falar tamén doutras queixas da xente como cando require a atención da Policía Local porque hai molestias e denuncias pero non chegan a ningunha conclusión; que a situación na que está a administración municipal non é de recibo e por exemplo na área de Urbanismo hai queixas da xente que di que hai licenzas que tardan máis dun ano e situacións que denuncia o propio arquitecto municipal cun problema de disciplina urbanística, asunto este do que xa falou o BNG en ocasións anteriores reclamando a creación dun servizo de disciplina urbanística, indicando o arquitecto municipal nas súas alegacións que el tamén ten proposto xa desenvolver dito servizo; que hai requirimentos xudiciais que non se están executando por carencias importantes de persoal pero non de calquera persoal, recordando o caso da Nissan onde había unha gran intranquilidade entre os traballadores e houbo un alto directivo da Nissan, xaponés, que os tranquilizou dicíndolles que a el lle sobraban traballadores de colo branco pero que lle faltaban traballadores de mono azul, sendo isto perfectamente aplicable a esta situación e é o que están dicindo os alegantes, os membros da oposición, a secretaria e a interventora pois non hai que esquecer que o informe da secretaria dalle a razón aos alegantes e propón que se estimen as alegacións; que a interventora no momento da aprobación inicial informou desfavorablemente a creación desta praza e agora non informou para este Pleno pero hai un informe dun interventor accidental; que o equipo de goberno está propoñendo crear unha praza por riba do xefe de servizo porque é de dominio público na prensa por declaracións do equipo de goberno e do anterior concelleiro de urbanismo que hai controversia entre os técnicos municipais e os técnicos redactores e parece que o equipo de goberno optou como solución por poñer un xefe de área por encima do técnico detractor do plan tal como

C.I.F. P-1503100-H

está redactado sen que se lle pase o rotulador encarnado a aquelas cousas e cuestións que supuxeron un pelotazo e que o arquitecto insinúa na súa alegación; que o colmo de todo isto e ver como o equipo de goberno acode unha vez máis a unha persoa, un funcionario xefe de servizo por libre designación, para que informe en contra dos informes que si son preceptivos como son o da interventora e o da secretaria e que o colmo do colmo xa é que o informe que esa persoa emite no seu posto, na praza que ocupa, é favorable ao que o equipo de goberno di, a desestimar as alegacións e a seguir adiante coa modificación da RPT e cando esa mesma persoa exerce de interventor accidental porque é a persoa que ten que cubrir ese posto cando non está a interventora, di que non pode contradicir o informe da interventora, é dicir, o mesmo funcionario di primeiro branco e despois negro, sendo isto o colmo do absurdo desta situación; que por todo o exposto, o grupo político do BNG quere presentar, tal como anunciou na comisión informativa correspondente, un voto particular ao ditame que se emitiu e a continuación procede a súa lectura, transcribíndose de seguido:

"Tendo o grupo municipal do BNG votado en contra da proposta ditaminada na Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil do pasado luns 21 de setembro, no punto 1 da orde do día "1. Proposta de resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación da RPT" na que se determinou por maioría dos votos da comisión desestimar todas as alegacións presentadas durante o periodo de exame e presentación de alegacións á modificación da Relación de Postos de Traballo do noso Concello, paorbado inicialmente o 22 de xullo de 2020.

Visto as dúas alegacións presentadas, unha delas polo responsable de administración local do sindicato CIG e a outra por un funcionario municipal a respecto da creación dunha xefatura de área de urbanismo.

C.I.F. P-1503100-H

Visto que as alegacións insisten en varios aspectos, a cada un deles máis a ter en conta pola Corporación Municipal:

- Non cumprir os requisitos legais mínimos para ser axustada a dereito.
- Ausencia de motivación e concreción do perfil profesional, da romación requirida para o desesmpeño.
- Que se crea unha xerarquía superior á existente cando en ambas alegacións se detallan as carencias de persoal no servizo desde hai anos, existindo vacantes por cubrir sobre as que se ten demandado reiteradamente que se doten dese persoal apara a axilización do traball ono Servizo.
- Visto o informe da Secretaria Municipal ,na que se recorda os informes desfavorables emitidos para a proposta que se aprobou o 22 de Xullo, e no que reitera a condición DESFAVORABLE deste novo informe para a modificación que porón o Goberno municipal e que conclúe CONTUNDENTEMENTE que NON PROCEDE a súa aprobación definitiva.

Polo anterior, PROPOÑEMOS:

1. Que se estimen as alegacións e que non se aprobe a modificación da RPT proposta."

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que o seu voto particular ten que ser sometido a votación.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que fai máis dun mes que se debatiu a proposta de modificación da RPT presentada e que nada cambiou desde ese momento; que se presentaron dúas alegacións, unha da CIG indicando que a falta de motivación e concreción do perfil profesional, a formación requirida, as retribucións complementarias, non cumpren cos requisitos legais mínimos para ser axustada a dereito, e a outra do xefe de servizo de urbanismo, do arquitecto municipal, e que, se se analiza esta última alegación, resulta demoledora coa situación que describe sobre o que ocurre dentro do Concello de Culleredo pois non dispón de xefe de servizo de tramitación administrativa, non dispón

de xefe de negociado de tramitación administrativa nin de técnico de administración xeral e van xa catro anos sen prover a praza de arquitecto; que para cubrir a baixa doutro funcionario déronlle esa praza á única das catro persoas que se presentaron que non cumpría os requisitos, engadindo que perderon o xuízo e agora vai máis dun ano sen resolver este asunto; que é moi grave a acusación que lle fan do Plan Xeral pois desde que está de Alcalde nunca tivo o menor interés nin de levalo a Pleno nin de coñecer as modificacións pero agora lle corre prisa e, lendo o que di o arquitecto municipal, como o xefe de área non lle aproba o plan quere poñer unha persoa afín no que se poida amparar para xustificar os 800.000 metros cadrados de solo na Zapateira como solo urbanizable para resolver un interés privado que terá altos custos para todos os veciños de Culleredo e ser legalmente inadmisible; que lendo isto, unha queda de pedra, e despóis están tamén os informes da Secretaria, tamén desfavorables tanto na aprobación inicial como nesta, e algo moi sorprendente que tamén se ve que é o informe do interventor accidental desfavorable cando é a mesma persoa que como xefe de servizo de Facenda asina o contrario noutro documento.

Continúa a súa intervención e di que hai falta de motivación e actitude discrecional alegada e reflexada nos informes de altos funcionarios do Concello, preguntándolle ao equipo de goberno se isto non lles preocupa e se pensan que unha maioría absoluta significa facer o que lles dá a gana; que necesitan esta aprobación da RPT para aprobar os presupostos deste ano e lles dá absolutamente igual os informes, as motivacións o persoal ao seu servizo etc., presentándose unha situación dantesca polo que non lles deixan outro remedio se finalmente esta RPT é aprobada que levala ao contencioso-administrativo para impugnala por falta de motivación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Alternativa dos Veciños quen, unha vez concedido, di que lle están a dicir que a súa intervención non se transmitiu telematicamente polo que solicita unha copia desta transmisión.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno ten constancia de que todo o pleno se está transmitindo correctamente.

Intervén o Sr. Mourelle Botana e di que o que a el lle din e que o Pleno se está transmitindo a partir da intervención do Sr. Chouciño Garrido.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Mourelle Botana se quere repetir a súa intervención para que conste.

A continuación prodúcese un pequeno debate e lle preguntan á señora Secretaria se podería dar fe de que a transmisión do Pleno se está a producir sen complicacións.

Responde a Sra. Secretaria da sesión plenaria e di que a súa función é dar fe do acto, do que está a ocurrir no salón de plenos e non da transmisión pois ela non a está controlando.

A continuación o Sr. Mourelle Botana indica que si desexa repetir a súa intervención e procede a facelo.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que as tres intervencións xiran máis ou menos en torno aos mesmos motivos e que antes de pasar a analizar esta cuestión quere facer unha aclaración, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido e dicíndolle que acusa continuamente ao equipo de goberno de considerar aos traballadores de primeira ou de segunda e, dado que o pleno se transmite e ao Sr. Chouciño Garrido lle gusta que os veciños e as veciñas o vexan, di que se hai alguén na Corporación que en máis dunha ocasión cuestionou aos traballadores como de primeira ou de segunda ese é el mesmo e que, unha vez aclarado isto, e dirixíndose xa a cada un dos voceiros e voceiras que fixeron a súa intervención, di que cada persoa pode alegar o que queira pois ten todo o dereito de facelo e a transcripción que se fixo da alegación do arquitecto municipal é totalmente arbitraria e se se le o informe da Secretaria vese que non apoia o que el transmite, preguntando onde hai un nomeamento nunha RPT pois a RPT crea un posto, non unha



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

praza, cun sistema de provisión, e o posto aludido leva varios sistemas para poder elixir polo que pregunta onde está a arbitrariedade e onde non se respeta o principio, indicando que poderán dicilo ou opinar cando se saque o proceso para cubrir a dita praza pero o que sucede neste momento é que se crea un posto cun complemento de destino que se axusta, un complemento específico que se axusta e sistemas de provisión que é moi lícito poder elexir no momento en que se saca o proceso cal se vai usar; que se fala de carencias de persoal e isto é algo no que o equipo de goberno coincide e polo que está a facer o que aquí se propón e por iso o equipo de goberno crea ese posto de xefe de área, para coordinar e que todo avance, invitando a mirar as ofertas públicas de anos anteriores do Concello de Culleredo pois o técnico de Urbanismo está publicado na oferta pública de emprego do 2019, nos orzamentos deste ano vai dotado o posto de arquitecto e pola mesma motivación que se crea o xefe de área, todo isto orientado a axudar, a colaborar e a reforzar unha área na que todos coinciden na precariedade do persoal e que precisa dun empuxe non só polo Plan Xeral senón tamén polas licenzas e demáis, estando todo consensuado coa propia concelleira da área e que recoñece o propio arquitecto municipal que os concelleiros intervenientes tanto mencionan; que non pode entender o énfasis que se pon pois so lles preocupa a creación dun posto cando a RPT que se presenta leva un montón de modificacións que benefician a moitos traballadores, aclarando e insistindo en que é un posto, non unha praza, e que a falta de persoal existe porque hai unha taxa de reposición que se vén arrastrando desde a Lei Montoro polo que non é algo que se poida decidir libremente e efectivamente hai sitios onde hai carencia de persoal pero non teñen maneira legal de solucionalo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, diríxese á Sra. Figueroa Fuentes e lle di que ela dixo que el cuestiona aos traballadores cando el o que cuestiona é o que está no papel e pon como exemplo que ningún asesor xurídico pode acudir a unha necesidade de protección civil ou a unha intervención da policía local porque non é a súa función nin, por poñer outro exemplo, a encargada do Rexistro podería ir avaliar unha obra, nin aínda no caso de que a encargada do Rexistro fora unha arquitecta ou unha gran enxeñeira de camiños xa que o posto que desempeña no Concello e outro e as súas funcións son outras polo que o que aquí se cuestiona non son persoas senón traballos concretos e aquí quedou claro que a mesma persoa primeiro informa branco e despois informa negro, sendo iso un feito, pois primeiro informa favorablemente propoñendo desestimar as alegacións e aprobar definitivamente a RPT e despois di que non lle pode levar a contraria a interventora que informou que non se podía aprobar este tema cando se someteu a súa aprobación inicial e informa que isto non se pode aprobar; que outra cuestión é que se crea un posto e se contemplan varios sistemas de provisión, entre eles o de libre designación, indicándolle a Sra. Figueroa Fuentes que se non ten entendido mal ela pertence á UXT e pregunta se este sindicato non ten recurrido en numerosas ocasións libres designacións denominándoo como unha fonte de chanchulleo e pregúntalle se ela non viu esos escritos porque el si que os viu xa que lle chegan ao correo constantemente e a propia Xunta di que os postos deberían cubrirse por concurso e non por libre designación; que se falou de que esta praza é para coordinar e pregunta para coordinar a quen pois a función dun xefe de área é coordinar varios servizos e neste caso trátase dun xefe de área de Urbanismo, dun único servizo, polo que é un enriba dun, e din tamén que por baixo falta xente, polo que pregunta desde cando llo levan pedindo e cando van poder contar con esa xente que xa fai tempo que se reclama; que se fala da Lei Montoro e ela sabe que o BNG non está de acordo con esta Lei e que xa trouxo ao Pleno propostas máis contundentes que as propias do goberno socialista e que precisamente esta lei impón restricións e non deixa contratar máis persoal que para cubrir unha baixa por xubilación, defunción ou calquera outra circunstancia pero que causara baixa no servizo, e precisamente por esta restrición tan esixente é polo que hai que ser moi escrupuloso, moi rigoroso, á hora de decidir a quen se vai coller para substituír a esa persoa que se xubilou ou esa persoa que causou baixa na plantilla polo motivo que fora e o equipo de goberno o que fai é utilizar un oco que teñen para cubrilo cunha xefatura de área, un por riba dun, un xefe de área por riba dun servizo cando a Secretaria o di reiteradamente cun extenso informe cheo de xurisprudencia de tribunais superiores de xustiza, do tribunal supremo e algún cre recordar do constitucional que di que teñen razón os alegantes polo que non se pode considerar un invento nin do Sr. Chouciño, nin da Sra. Izaskun nin do Sr. Eduardo senón que se trata dunha cuestión importante e invita a ler toda a xurisprudencia que a Secretaria expón no seu informe.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que queda pendente de votar o voto particular do seu grupo en contra do ditame e que solicita que se vote.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a Sra. Figueroa Fuentes pregunta onde está a arbitrariedade e que se se analiza o informe da Secretaria queda moi claro pois di que por non existir non existe nin consignación suficiente e adecuada para a dotación económica de todos os postos de traballo que aparecen na RPT, que desde o 2016, cando se aprobou a actual RPT, existe un posto de arquitecto que non foi convocado, que desde fai oito anos non se cubriu a praza de xefe de servicio de xestión administrativa urbanística, que o informe de dona Pilar fala tamén doutros cinco postos da subescala técnica que están sen cubrir, que non se especifica nin a titulación académica do xefe de área, que non hai valoración obxectiva dos complementos de destino e específicos e se quere poñer por libre designación en vez de por concurso, que tampouco cumpre a legalidade a modificación dos complementos de destino dos postos do apartado 1.1., preguntando por que homologan estes postos e non outros, que non hai documentación que xustifique estas modificacións e que pasa o mesmo na creación do posto de oficial de segunda actividade, que por non molestarse nin se molestaron en xustificar a necesidade do complemento específico, dicindo o contrario do que indican a secretaria e a interventora que din que si falta a motivación na creación do posto de xefe de área e por este motivo, en caso de que a modificación que se propón saia adiante co voto favorable de todos os membros do equipo de goberno, non queda outra opción que levar este asunto ao contencioso-administrativo.

Responde o Sr. alcalde e di que aí xa será o xuíz ou a xuíza a que decida.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria o voto particular presentado polo Sr. Chouciño Garrido, en representación do grupo político BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, o voto particular non resulta aprobado e o Sr. alcalde-presidente procede a someter a votación ordinaria a proposta da señora concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 17 de setembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da señora concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 17 de setembro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**2.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2020.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data dezasete de setembro de dous mil vinte, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural na sesión extraordinaria de data vinte e un de setembro de dous mil vinte, que literalmente di:

"PROPOSTA

1. O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 22 de xullo de 2020, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2020.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 24 de xullo de 2020 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento, e da apertura dun prazo de quince días hábiles contados dende a publicación do anuncio durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo presentáronse diversas alegacións:

O 11 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5893), alegación presentada por don Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez presenta unha reclamación na que indica

O 11 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5896) alegación presentada por don Ignacio Aparicio Montero

O 11 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5897) alegación presentada por don Fernando Teijeiro Bogo

O 12 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5918) alegación presentada por dona María Luz Manso Rial.

O 12 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5943) alegación presentada por dona Alba Pérez Barros.

O 12 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5944) alegación presentada por dona María Aránzazu García Larrú.

O 13 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5972) alegación presentada por don Domingo Manuel Lamela Simil.

O 13 de agosto (número de rexistro de entrada no Concello 2020/5974) alegación presentada por don José García Alfonso

Visto o informe UEH14I00AB do xefe de servizo de economía e faceda que consta no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Rexeitar a totalidade das alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidade para as que estea previsto.

2. Aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2020."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que como xa dixo no pleno municipal celebrado en data 22 de xullo de 2020, non vai sen tempo a elaboración e redacción dos orzamentos do ano 2020 e que no día de hoxe, 24 de setembro de 2020, transcorridos 9 meses do ano 2020, lévase ao pleno a aprobación definitiva dos orzamentos para o ano 2020 indicando que, se se descoidan, os orzamentos do ano 2020 aprobaranse no anto 2021 parecendo que isto se teña pensado facer sucesivamente cos orzamentos ao longo do mandato deste equipo de goberno; que como xa dixo na comparecencia do 22 de xullo, o grupo municipal Alternativa dos Veciños considera que o retraso na aprobación dos orzamentos vén motivada pola ineficacia do goberno municipal do Concello de Culleredo; que desde o seu grupo seguen a considerar que os orzamentos que se presentan son uns orzamentos escuros ou, dito doutra maneira, pouco transparentes e, se llo permite dicir unha vez máis, pouco cribles e que, dito todo o anterior, o voto do seu grupo vai ser non aos orzamentos que presenta o equipo de goberno pois seguen a considerar que son pouco transparentes e cribles.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere felicitar a todas as persoas que alegaron porque están exercendo un dereito cívico; que son moitas as alegacións presentadas e algunhas delas cun número importante de sinaturas o que vén indicar que os orzamentos non se están a elaborar conforme a unha racionalidade no uso dos recursos públicos, na previsión e na planificación no uso dos recursos e na satisfacción das necesidades da veciñanza; que ademáis, como o orzamento só se podía visitar nas dependencias municipais a pesar de terse solicitado que se colgara na páxina web, ao que o equipo de goberno se negou rotundamente, o BNG fixo un traballo de divulgación, de como estaba elaborado o orzamento e dos dereitos que tiña a xente e que están moi orgullosos de telo feito; que as numerosas alegacións que se presentaron poderían englobarse en catro grupos pois o equipo de goberno di que non hai incumprimento de obrigas xurídicas, que non hai incumprimento de obrigas derivadas de competencias municipais establecidas la Lei de bases do réxime local e incluso din que non hai ningún incumprimento na elaboración do orzamento participativo no que hai que recordar que foi o equipo de goberno o que dixo que o elevaba ata o 25% ; que todo isto deu lugar a numerosas alegacións como as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

- En Orro estanse a demandar reparacións das deficiencias no subministro de auga potable, preguntando se isto non é unha obriga da Lei de bases de réxime local ou unha obriga derivada das competencias municipais.
- Completar o saneamento en Orro
- Camiño de Orro a Ledoño, que foi aprobado en pleno dúas veces coa inclusión de que se dotara no orzamento para o día en que estivera planificado e o equipo de goberno nin sequera incluiu unha pequena partida para facer o proxecto polo que tamén se está a incumprir unha obriga derivada dun acordo plenario.
- Completar o saneamento en Boedo, sendo curioso que estando xa avanzado o século XXI, se estea a falar no pleno de cuestións de saneamento ou de subministro de auga potable e acceso a núcleos en condicións dignas
- Construción do viario das Fragas ás Chousas, con zona de ocio e baño.
- Construción dunha conexión por estrada entre Orro e Boedo
- Asfaltado da pista Pedro Loán
- Ampliación do Centro Social de Boedo, promesa reiterada do equipo de goberno e pensa que tamén incluída no orzamento participativo

- Arranxo do núcleo de Boedo a Vista Alegre polo núcleo de casas
- Punto de luz no cruce de Pedro Loán na zona dos contedores
- Modificación do acceso ao lugar de Bregua polo vial do ferrocarril
- Actuación de oficio nas franxas de seguridade forestal
- Fonte da Balsa, con máis de 200 sinaturas pois os veciños están moi descontentos, non sendo de recibo o que o equipo de goberno fixo alí como foi poñer uns palés de baldosas e un contenedor 15 días antes das eleccións e retiralos 15 días despois, dando a impresión de que alí se ía acometer unha obra e sen que case dous anos despois se fixera nada, e agora presentan alegación solicitando o seguinte:
    - Mellora dos accesos a rúa Fonte da Balsa, ampliación das prazas de aparcamento e melloras na seguridade e suxeición de taludes
    - Reparación e cuberta da polideportiva de Fonte da Balsa
    - Reparación das mesas e bancos na praza da urbanización e no paseo de Fonte da Balsa, así como instalación de máis bancos, mesas e papeleiras
    - Reparación do muíño no Rego de Trabe
- Cumprimento de sentenzas: o Xulgado do contencioso-administrativo número catro da Coruña condena ao Concello de Culleredo por sentenza ao pagamento de 29.000 euros por dano moral cos xuros legais por un importe de 61.000 euros e non consta que fora pagada, a famosa sentencia que di que o muíño de Fonte da Balsa non é municipal; que o dito xulgado condena tamén ao Concello de Culleredo ao pagamento de 330.000 euros por sentenza 9/2019; condena do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarando a firmeza da sentenza 312/2018 e como consecuencia condena ao Concello de Culelredo ao pagamento de 49.000 euros; que se van os cartos en sentenzas xudiciais inexplicablemente, e van xa mínimo 482.000 euros actuando a administración local de Culleredo como quen bota auga nunha cesta.
- Dotación e mellora dos servizos viarios en rúa Laxe e Castro, unha cuestión de acceso a núcleos que está recollida tamén na Lei de bases.
- Na avda. da Corveira, nas rúas Pablo Neruda e Antón Losada Diéguez: melloras na recollida de pluviais, melloras no pavimento, cunetas e sinalización viaria.
- No anexo de investimentos só se recoñecen catro proxectos: arranxo praza de Vilaboa, renovación parque infantil da praza Europa, Río Trabe e Centro de Día de Celas.
- Non se inclúen partidas relativas á propostas do Consello Xeral de Participación Cidadá, ese consello que ten nas súas atribucións determinar ese 25% do orzamento de investimentos de cada ano que debe ser realizado de forma participativa, cre que ningunha das recollidas en dito consello que foron as que se recollen na seguinte táboa, falando tamén de que o máis demandado polos veciños era a piscina municipal e que ían contratar un estudo de viabilidade que tampouco aparece.

| Denominación investimento | Presuposto |
|---|---|
| Proxecto de cubrición do campo da festa de Almeiras | 18.150,00 € |
| Aceras en Rúa Regueira e Rúa San Xiao | 100.000,00 € |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | |
|---|---|
| Rehabilitación e acondicionamento do polideportivo municipal de Tarrío | 695.539,80 € |
| Melloras en seguridade mediante sinalización en Celas e Monte Xalo | 35.000,00 € |
| Reforma e ampliación do centro social de Sueiro | 201.586,00 € |
| Ampliación centro cívico de Sésamo | 123.117,97 € |
| Redacción proxecto de ampliación  centro Social de Castelo | 12.100,00 € |
| Reforma integral centro social de Orro | 80.000,00 € |
| Cerramento lateral pista polideportiva Castro laxe | 80.000,00 € |

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que as ordenanzas municipais, os regulamentos municipais, no ámbito local son lei e polo tanto obrigan, dicindo o equipo de goberno que non incumpren ningunha obriga legal cando aquí están xa incumprindo totalmente esa obriga legal polo que unha vez máis o grupo político do BNG ten que presentar un voto particular, e indica que xa o meteu por rexistro despois da comisión informativa, propoñendo a estimación das alegacións e que se refaga un novo orzamento á vista das múltiples alegacións que se presentaron e que ao seu modo de ver demostran a pouca participación que se deu no periodo de elaboración do orzamento e á vista de que as alegacións insisten en varios aspectos, cada un deles máis a ter en conta pola Corporación municipal como son:

- Incumprimento de obrigas derivadas de títulos xurídicos, como a ausencia de partidas para dar cumprimento a sentenzas xudiciais.
- Incumprimento de obrigas derivadas das competencias municipais establecidas legalmente como saneamentos, subministracións de auga, accesos dignos a núcleos de poboación.
- Incumprimento de obrigas derivadas das ordenanzas municipais de orzamento participativo, que establece un 25% do anexo de investimentos elaborado polo Consllo Xeral de Participación Cidadá, e cuxos acordos foron totalmente ignorados.
- Incumprimento das obrigas derivadas do programa electoral do grupo de goberno, tal como recordan os veciños

Segue a súa intervención o voceiro do grupo político BNE e di que vistos tamén os informes da interventora no que deixaba claro que as partidas deberían ser detalladas, e non o son, así como o da secretaria municipal no que se detallan todo tipo de respaldos de xurisprudencia baseada en sentenzas dos máis altos tribunais, é polo que o grupo político do BNG propón que se estimen todas esas alegacións e que se refaga o orzamento.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que finalmente se chega, cunha maioría absoluta, case a outubro do 2020 para a aprobación definitiva dos presupostos do 2020 podendo buscarse as excusas que queiran por non telos aprobado antes pero o que se demostra é unha absoluta ineficacia e unha falta de respecto aos seus votantes e aos veciños de Culleredo; que no pleno anterior xa dixeron todo o que tiñan que dicir sobre o que lles parecían os presupostos que o equipo de goberno presentou e nos que non se tivo en conta nin unha aportación feita polo seu grupo municipal; que hai 9 millóns de euros de remanente de partidas que quedaron sen executar de anos anteriores e a pesar de saber todos os anos a porcentaxe que deixa sen executar non contempla nin unha baixada de impostos para os veciños polo que estes presupostos son uns presupostos que non representan ao grupo político Popular pois consideran que non defenden o interese xeral; que de todas as alegacións que se presentaron non foi considerada nin unha usando a maioría absoluta como unha apisonadora que sen dúbida acabará pasando factura.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que se dirixe a todos e especialmente ao Sr. Mourelle para dicir que se está nun trámite que se corresponde coa aprobación definitiva do presuposto e que non se esqueza de que o

presuposto xa foi aprobado inicialmente no pleno do 22 de xullo de 2020, correspondendo nesta sesión analizar as alegacións que se presentan contra o mesmo e, se se estima, proceder a súa aprobación definitiva; que o Sr. Chouciño enumera moi ben todas as alegacións que se presentan e que xa non cumpren con ningún dos requisitos necesarios para ser admitidas e que están moi ben enumerados no texto refundido da lei reguladora das facendas locais; que o Sr. Chouciño Garrido indicou na súa intervención que no orzamento que se presenta non se inclúen partidas para dotar de servizos de abastecemento de auga ou de saneamento cando eses servizos xa existen no Concello de Culleredo e hai partidas para mellorar ou para completar eses servizos o cal non indica que a situación de Culleredo sexa propia do século XVIII pois si que existen; que con respecto a que no orzamento non hai partidas adicadas a proxectos aprobados polo Consello Xeral de Participación Cidadá di que tendo en conta o sinalado no informe emitido ao efecto polo xefe de servizo de Economía e Facenda, por vinculacións xurídicas pode afirmarse que no orzamento inicialmente aprobado habería crédito dispoñíbel para que o indicado 25% do seu importe poida ser adicado á execución de proxectos propostos polo Consello Xeral de Participación Cidadá; que respecto á petición dunha "maior definición das partidas orzamentarias" di que en realidade non se está pedindo unha maior definición das partidas do orzamento e iso non constitúe un motivo de alegación á aprobación do orzamento dos establecidos pola Lei reguladora das facendas locais e o que están solicitando son destinos alternativos e en relación con isto o equipo de goberno entende que o anexo de investimentos ten o contido mínimo legalmente esixible.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que con respecto ás sentenzas mencionadas nas intervencións e á xurisprudencia alegada pola secretaria municipal, indica que a secretaria municipal non emitiu un informe senón unha nota informativa e que non hai ningún informe dos preceptivos que sexa contrario á aprobación do orzamento pois todos son favorables e na nota informativa de Secretaría cítase unicamente unha sentenza e non implica que o orzamento non poida ser aprobado por dita causa; que os grupos da oposición falaron tamén da omisión dunha partida para o camiño de Orro a Ledoño e ela indica que será cando se recupere o camiño cando se terá que facer o proxecto e dotar unha partida orzamentaria que sería a 1531-61900, referida a mantemento de estradas, que xa existe e conta con crédito suficiente sobre todo tendo en conta as vinculacións, e que o mesmo ten que dicir sobre o cumprimento das sentenzas, repetindo que neste momento se está no trámite de resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento; que en concreto sobre a omisión dunha partida para facer fronte ás obrigas derivadas das sentenzas 96/2016 e 9/2019 do Xulgado do contencioso número 4 da Coruña di que a obriga derivada da primeira sentenza referida xa foi recoñecida e para ela hai crédito suficiente nos orzamentos do 2019 e no do 2020 aprobado inicialmente e que neste punto se está a debater e que, con respecto á obriga derivada da setenza 9/2019, namentres non estea cuantificado o custo do proxecto non se pode incluír no orzamento unha partida específica, o que non implica que non poida haber crédito por nivel de vinculación; que por todo o exposto, ela entende que este presuposto debe ser definitivamente aprobado e as alegacións desestimadas.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que xa sabe o que ten que saber, que sabe que os orzamentos foron aprobados o 22 de xullo e xa o dixo na súa intervención e agora poden seguir opinando que os cren pouco transparentes.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a Sra. Iglesias Becerra afirmou na súa intervención que xa existen os servizos de auga e saneamento e el di que na súa casa si existen, preguntándolle a dita concelleira se na súa casa tamén os hai e que toda a xente que alega o fai porque nas súas casas non hai e ese é un servizo universal polo que pide por favor, xa que ás veces chégase a un nivel de discusión inaceptable, que se teña un debate cun mínimo de rigor, e que se trata dun servizo universal ao que todos teñen dereito, preguntando se o equipo de goberno non ten no seu ideario crer que toda a xente ten os mesmos dereitos e que os alegantes basean o seu dereito ás reclamacións en que nas súas casas non contan con eses servizos e polo tanto teñen razón, pedindo que se eleve un pouco o nivel do debate porque ás veces parece un diálogo de besugos; que con respecto ao dito sobre que hai destinos alternativos, di que hai que respectar a lei que indica que o orzamento é unha planificación do investimento municipal, unha planificación

do que se vai facer o seguinte ano polo que o primeiro punto cabal é ver que servizos públicos e universais están pendentes de cubrir nalgunhas zonas e a continuación poderánse dar os segundos pasos e chegar a facer monumentos pero hai que seguir unha orde e non pode ser que o Sr. alcalde veña con que quere investir medio millón de euros nun parque de tirolinas e tobogáns na Corveira para o POS e haxa veciños que non teñan saneamento e traída de auga; que con respecto a que o crédito para o orzamento participativo pódese quitar dalgunha partida di que a interventora municipal, no seu informe, di que as partidas teñen que ir máis detalladas e así o di a xurisprudencia pois o orzamento non é un saco onde se mete a man para coller unhas moedas porque é unha planificación a priori para poder gastar con sentidiño nas necesidades priorizadas evitando que ao final sexa necesario acudir a modificativos de crédito, ou o remanente por superávit sobre o que o equipo de goberno presume como éxito cando en realidade constitúe un fracaso.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que sobre as sentenzas estas aparecen recollidas todas nas alegacións presentadas, tanto a referida á praza de Galicia como a que obriga a pagar ao propietario do muíño de Fonte da Balsa por danos morais ata un importe de 60.000 euros, ou a que obriga ao Concello de Culleredo a pagar máis do que se pagou inicialmente polas parcelas do colexio Vila de Rutis e en calquera momento poden reclamar aqueles veciños aos que se lles expropiou e aos que non se lles aboou o prezo que agora se recoñece: que o camiño de Orro a Ledoño xa foi aprobado dúas veces no pleno e no que participaron as asociacións de veciños de Orro cuxa actuación foi refrendada por toda a Corporación, crendo recordar que se aprobou por unanimidade tamén dotar dun orzamento para facelo e a Sra. Concelleira di que hai que esperar cando o BNG xa pediu en varias ocasións o número de expediente que tivo que saír a raíz dese acordo plenario e hai competencias plenarias, hai competencias do alcalde, competencias do grupo de goberno e competencias dos concelleiros delegados e a competencia para ter aprobado o rescate dese terreo expropiado que ocupaba o camiño de Orro a Ledoño era do pleno e o pleno, exercendo a súa competencia, aprobou iso e derivado dese exercicio de competencia e dese mandato do pleno ten que abrirse un expediente aínda que non sexa máis que unha carpetiña cunha pegatina que leve un número e hai que saber que número ten para empezar e non foron quen de dicilo a pesar de telo preguntado en varias ocasións; que se está incumprindo tamén o funcionamento normal das atribucións do pleno e dicir que se poderá dotar a partida cando iso se complete tampouco é asi pois o proxecto poderíase ir redactando.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, por último, quere centrarse na sentenza da praza de Galicia, que condena ao Concello de Culleredo a arranxar a praza de Galicia na súa función de cuberta do aparcamento soterrado que hai abaixo pois fálase de cantidades concretas establecidas por un perito xudicial que como mínimo hai que atender e o equipo de goberno debería explicar por que se carece de proxecto cando a sentenza é de 4 de febreiro de 2019 e en marzo do 2020 elabórase unha memoria para encargar o proxecto, non entendendo que os veciños da praza de Galicia teñan tanta paciencia; que insiste en que se estimen todas as alegacións e se reformule o orzamento atendendo a todas elas.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, dirixese ao Sr. Chouciño e lle di que tampouco fai falta que sexa tan vehemente pois efectivamente os servizos de depuración de auga e saneamento sempre se poden mellorar pero ás veces hai casas feitas no último ano e resulta difícil en ocasións chegar a certos lugares e é algo que hai que mellorar pero o Concello de Culleredo tenta chegar sempre ao maior número de rueiros posible, ocurrindo en todos os concellos pois sempre hai algún sitio onde non se consegue chegar a unha casa concreta; que o equipo de goberno o segue intentando e todos os anos dota partidas tanto para saneamento como para abastecemento de auga pois para eles é moi importante dotar a todos os veciños destes servizos públicos que tan importantes son; que con respecto ao que se dixo sobre detallar as partidas, sobre que o di a interventora e a xurisprudencia, di que non existe ningún informe desfavorable; que con respecto ao camiño de Orro a Ledoño primeiro hai que recuperalo e facer un proxecto e que, en calquera caso, estase na fase de alegacións ao orzamento e que non quede dúbida de que o equipo de goberno vai cumprir con todas as partidas comprometidas e con todas as sentenzas ditadas; que con respecto á condena para a reparación da praza de Galicia di que hai un auto de execución de sentenza que é

posterior á mesma e que tan pronto como se dispoña do proxecto cuantificarase e levarase a cabo; que por todo isto insiste en que non se poden atender as alegacións porque non entran en ningún dos motivos contemplados na lei para poder estimalas e solicita a aprobación definitiva do orzamento.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se lle acusa de vehemencia e esta nace da súa indignación de ver como o equipo de goberno trata os dereitos veciñais e que non lle parece de recibo tardar un ano en redactar unha memoria que sirva para encargar un proxecto, repetindo que a súa vehemencia nace da súa indignación de ver como se tratan os dereitos veciñais e de ver como de desenvolven os debates.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que se vai proceder á votación, que o equipo de goberno cumprirá escrupulosamente con todos os proxectos cos que se comprometeu cos cidadáns e que a lexislatura non rematou pois remata no 2023 e os compromisos son por lexislatura pois non hai que facer, nin se pode, todo o primeiro ano nin os seis primeiros meses dunha lexislatura e sobre todo nun ano por desgraza tan atípico para todos e oxalá se estivera discutindo este presuposto sen haber pandemia nin estado de alarma nin toda esta situación pero insiste en que todos deben ter a completa certeza de que todo o que o equipo de goberno prometeu vaise cumprir dentro desta lexislatura; que o voto particular do BNG vén reflexar o mesmo que o punto da orde do día e ofrece dúbidas de como se formalizou pero non obstante vaise votar, procedendo á lectura do que se propón en dito voto particular, que é que a totalidade das alegacións sexan estimadas e con elas se refaga un novo orzamento que as inclúa detalladas nas partidas correspondentes.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria o voto particular presentado polo Sr. Chouciño Garrido, en representación do grupo político BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García,

Á vista do resultado da votación, o voto particular non resulta aprobado e o Sr. alcalde-presidente procede a someter a votación ordinaria a proposta da señora concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de setembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da señora concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de setembro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**3. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS PSdeG-PSOE, BNG E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN DEMANDA DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE SEGURIDADE POLA COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS DO MUNICIPIO.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción dos grupos políticos PSdeG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG, PSOE, B.N.G E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DO CONCELLO DE CULLEREDO EN DEMANDA DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE SEGURIDADE POLA COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS DO MUNICIPIO

O inicio do presente curso escolar ven marcado de forma obrigada pola incidencia da pandemia. A organización da docencia está sendo complexa, tanto para o persoal docente, de administración e servizos, e as propias familias para cumprir unhas medidas suficientes de seguridade e protección para afrontar a actividade lectiva nas mellores condicións.

A Xunta de Galicia é a administración competente en materia de educación e é quen debe velar por proporcionar os medios oportunos neste complicado regreso ás aulas. Desde a comunidade escolar de Culleredo se están a detectar eivas nesta xestión, realizando peticións de melloras á Xunta, que o grupo socialista entendemos que a corporación, de xeito institucional e unánime, ten que apoiar.

C.I.F. P-1503100-H

Hai que facer toda a forza posible porque os nosos pequenos e pequenas, os nosos mozos e mozas, e con eles todo o profesorado e persoal dos centros, desenvolva a docencia sen preocupacións, ben atendidos e con todas as medidas de seguridade que require a emerxencia sanitaria da COVID-19.

Hai situacións en colexios de Culleredo especialmente preocupantes. É o caso do que ocorre co comedor do CEIP Ría do Burgo. O Consello Escolar do CEIP, coa dirección e ANPA á cabeza, mesmo sopesan suspender o servizo de comedor se non toman as medidas necesarias.

Segundo explicaron, a problemática xorde pola decisión da empresa adxudicataria do servizo de reducir de 16 a 12 o número de monitores, cuestión que foi comunicada apenas un día antes do inicio do curso. Dáse a circunstancia que previamente o centro solicitara o incremento do persoal este curso, ante a pandemia e a necesidade de cumprir o protocolo de seguridade. A sorpresa é que a empresa decide realizar o contrario.

Isto supón, explican, que una mesma monitora pasa a atender a varios grupos á vez, rompendo o sistema de burbulla. A situación é especialmente preocupante nos traslados das quendas, as gardas dos patios e no funcionamento en xeral do servizo.

O colexio consultou á Consellería e esta alega que a empresa cumpre igualmente o contrato asinado anteriormente. O propio director define a situación como "desamparo absoluto", nunha carta informativa remitida ás familias. O comedor acolle un total de 287 alumnos e alumnas e necesitan unha solución que garanta o cumprimento das medidas de seguridade.

Polo demais, desde o Concello de Culleredo, ao igual que sucede no resto de municipios de Galicia, se adoptaron as medidas para reforzar o servizo de limpeza de forma notoria. No noso caso, calcúlase que suporá un investimento a maiores de 70.000 euros anuais.

É un gasto necesario, pero que non debe saír das achegas da veciñanza de Culleredo: ante unha pandemia, a administración autonómica debe prover estes e todos os medios imprescindibles para que desenvolva a docencia



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

nas condicións que a propia Xunta de Galicia definiu no seu protocolo de reinicio das actividades de ensino. A administración competente non pode optar por unha deixación de funcións, e debe garantir que en toda Galicia por igual se aplica o protocolo.

Por todo isto, os grupos municipais PSdeG, PSOE, B.N.G e Alternativa dos veciños do Concello de Culleredo propoñen á corporación do Concello de Culleredo aprobar a seguinte declaración institucional:

1. Demandar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que adopte con urxencia todas as medidas necesarias para o cumprimento do protocolo de seguridade pola COVID-19 en todos os centros, tanto no desenvolvemento da actividade lectiva como de servizos comúns como o comedor
2. Apoiar integralmente as peticións das ANPA de Culleredo, conducentes a obter melloras que incrementen a protección ante a COVID-19
3. Reclamar á Conselleria de Educación que afronte os gastos que lle corresponden como administración competente e que están a asumir os Concellos no cumprimento do protocolo pola COVID-19
4. Ofrecer a colaboración plena do Concello de Culleredo coa Consellería de Educación na execución de actuacións ao seu alcance co este mesmo obxectivo.“

A continuación o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di a moción que se presenta está consensuada polos tres grupos asinantes e solicita a inclusión dunha emenda consistente en engadir un novo parágrafo despois do cuarto, co seguinte texto:

“Semellantes circunstancias estanse a observar nos CEIP Isaac Díaz Pardo e CEIP Sofía Casanova, amosándose dende as ANPAS destes centros unha preocupación pola seguridade do seus alumnos.”

De seguido, o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a inclusión deste parágrafo no texto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

De seguido, á vista da votación, o Sr. alcalde-presidente procede á lectura da moción presentada unha vez engadido o parágrafo referido anteriormente.

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo por suposto súmase a estas reivindicacións xa que ademáis de acaídas veñen solicitadas polas ANPAs do Concello, agradecendo a recondución da conduta do goberno local procurando o apoio de toda a Corporación cando colectivos da veciñanza se achegan ao Concello de Culleredo solicitando o seu apoio; que como ben di a moción esperan que poida ser tramitada como moción institucional apoiada por todos os concelleiros e agardando que se sumen os concelleiros do grupo político Popular que no pleno celebrado hai dez días decían que eles eran concelleiros e concelleiras de Culleredo por riba das siglas.

De seguido solicita a palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que é inconcebible que a día de hoxe un colexio quede sen comedor por unha falta de acordo entre unha administración e a empresa concesionaria do servizo e que, como nai, pensa na situación e estremécese porque a conciliación sería imposible; que desde o Partido Popular de Culleredo estiveron traballando moi duro estas semanas para que por quen corresponda se dera unha solución ao problema non buscando a foto senón traballando e ao final chegouse a un acordo de que non se pechara ningún comedor, gañando os veciños de Culleredo e perdendo o Sr. Alcalde e a concelleira de Educación porque non foron capaces de facer nada e porque a xente non necesita fotos nin palabras que leve o vento senón realidades, preguntándolle ao Sr. alcalde se sabe cal é a diferencia, ademáis doutras moitas, entre ela e el, e di que se ela fora alcaldesa de Culleredo nese momento tería dado un golpe na mesa e lle tería dito a todos os pais que estaban preocupados que no seu Concello non se pecharía ningún comedor, e non se poñería como excusa que se é competencia dun ou é competencia doutros pois cando hai vontade política de arranxar as cousas un problema arránxase e despóis xa se miraría de reclamar se fora oportuno pero polo menos os pais quedarían tranquilos; que considera que ao Sr. alcalde todo o tema de Educación lle vén grande pois leva xa dous anos cun único comedor xestionado pola APA que é o do Vila de Rutis e por non poder, non foi nin capaz de aprobar unhas becas comedor para eses pais polo que pide que por favor non dea leccións ou dea as xustas porque a súa xestión foi un fracaso total e deixou en total desamparo a familias que crían que podían perder o comedor, indicando que os alcaldes están para gobernar e non para facer oposición

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que con respecto ao servizo de limpeza xa quedou claro no pleno pasado e novamente ao equipo de goberno se lle viu o plumero dicindo cousas distintas en función do medio ao que se dirixía pois ás direccións díxolles que non, en Facebook dixo que si e nos medios de comunicación que a responsabilidade era da Xunta, pero tal como di o dito, as mentiras teñen as patas moi curtas e esta vez o escándalo que provocou foi maiúsculo, preguntándose a voceira do grupo político Popular que pode supoñer para un concello cun presuposto de 25 millóns e que deixa sen executar o 16% destinar 60.000 euros a limpeza e que non debería ter problema en destinar á limpeza dos centros todos os cartos aforrados polas festas que non se fixeron e polas cantidades que non se investiron porque a limpeza dos centros de Educación Infantil é competencia municipal solicitándolle ao Sr. alcalde que demostre a súa vontade política.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a súa vontade política e a do seu equipo de goberno pensa que está suficientemente demostrada y que con todas as forzas progresistas do Concello de Culleredo foron os que máis estiveron a carón dos pais, das nais e de todas as familias de Culleredo para tratar de colaborar e facer que a Xunta de Galicia recapacite e reflexione e faga o que ten que facer; que no pleno anterior, cando a voceira do grupo político Popular estaba recriminando a actitude do goberno municipal e defendía a xestión do goberno autonómico o Sr. Feijoo estaba cesando a todo o seu equipo en Educación e supón que sería por algo e que o Sr. Román tardou un pouco en reaccionar porque estivo convaleciente e agora haberá que darlle marxe para ver como actúa.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que tras a lectura detectou que no segundo parágrafo, na terceira liña, figura “o grupo socialista” cando é unha moción subscrita tamén polo BNG e por Alternativa dos Veciños, sendo unha mágoa que o grupo político Popular non se unira para facela institucional porque se trata de falar da seguridade nos nenos e nenas de Culleredo polo que solicita se inclúa como unha segunda emenda que no parágrafo indicado, onde di “o grupo socialista” diga “o grupo socialista, o BNG e Alternativa dos Veciños” pois deste xeito queda unha redacción máis xusta.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a inclusión da segunda emenda proposta, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación a Presidencia somete a votación ordinaria a moción dos grupos municipais PSdeG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños coas emendas propostas, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, a moción dos grupos político PSdeG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños resulta aprobada, quedando redactada nos seguintes termos:

C.I.F. P-1503100-H

"MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG, PSOE, B.N.G E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DO CONCELLO DE CULLEREDO EN DEMANDA DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE SEGURIDADE POLA COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS DO MUNICIPIO

O inicio do presente curso escolar ven marcado de forma obrigada pola incidencia da pandemia. A organización da docencia está sendo complexa, tanto para o persoal docente, de administración e servizos, e as propias familias para cumprir unhas medidas suficientes de seguridade e protección para afrontar a actividade lectiva nas mellores condicións.

A Xunta de Galicia é a administración competente en materia de educación e é quen debe velar por proporcionar os medios oportunos neste complicado regreso ás aulas. Desde a comunidade escolar de Culleredo se están a detectar eivas nesta xestión, realizando peticións de melloras á Xunta, que o grupo socialista, o BNG e Alternativa dos Veciños entendemos que a corporación, de xeito institucional e unánime, ten que apoiar.

Hai que facer toda a forza posible porque os nosos pequenos e pequenas, os nosos mozos e mozas, e con eles todo o profesorado e persoal dos centros, desenvolva a docencia sen preocupacións, ben atendidos e con todas as medidas de seguridade que require a emerxencia sanitaria da COVID-19.

Hai situacións en colexios de Culleredo especialmente preocupantes. É o caso do que ocorre co comedor do CEIP Ría do Burgo. O Consello Escolar do CEIP, coa dirección e ANPA á cabeza, mesmo sopesan suspender o servizo de comedor se non toman as medidas necesarias.

Semellantes circunstancias estanse a observar nos CEIP Isaac Díaz Pardo e CEIP Sofía Casanova, amosándose dende as ANPAS destes centros unha preocupación pola seguridade do seus alumnos.

Segundo explicaron, a problemática xorde pola decisión da empresa adxudicataria do servizo de reducir de 16 a 12 o número de monitores, cuestión que foi comunicada apenas un día antes do inicio do curso. Dáse a circunstancia



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

que previamente o centro solicitara o incremento do persoal este curso, ante a pandemia e a necesidade de cumprir o protocolo de seguridade. A sorpresa é que a empresa decide realizar o contrario.

Isto supón, explican, que una mesma monitora pasa a atender a varios grupos á vez, rompendo o sistema de burbulla. A situación é especialmente preocupante nos traslados das quendas, as gardas dos patios e no funcionamento en xeral do servizo.

O colexio consultou á Consellería e esta alega que a empresa cumpre igualmente o contrato asinado anteriormente. O propio director define a situación como “desamparo absoluto”, nunha carta informativa remitida ás familias. O comedor acolle un total de 287 alumnos e alumnas e necesitan unha solución que garanta o cumprimento das medidas de seguridade.

Polo demais, desde o Concello de Culleredo, ao igual que sucede no resto de municipios de Galicia, se adoptaron as medidas para reforzar o servizo de limpeza de forma notoria. No noso caso, calcúlase que suporá un investimento a maiores de 70.000 euros anuais.

É un gasto necesario, pero que non debe saír das achegas da veciñanza de Culleredo: ante unha pandemia, a administración autonómica debe prover estes e todos os medios imprescindibles para que desenvolva a docencia nas condicións que a propia Xunta de Galicia definiu no seu protocolo de reinicio das actividades de ensino. A administración competente non pode optar por unha deixación de funcións, e debe garantir que en toda Galicia por igual se aplica o protocolo.

Por todo isto, os grupos municipais PSdeG, PSOE, B.N.G e Alternativa dos veciños do Concello de Culleredo propoñen á corporación do Concello de Culleredo aprobar a seguinte declaración institucional:

1. Demandar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que adopte con urxencia todas as medidas necesarias para o cumprimento do protocolo de seguridade pola COVID-19 en todos os centros, tanto no desenvolvemento da actividade lectiva como de servizos comúns como o comedor
2. Apoiar integralmente as peticións das ANPA de Culleredo, conducentes a obter melloras que incrementen a protección ante a COVID-19
3. Reclamar á Conselleria de Educación que afronte os gastos que lle corresponden como administración competente e que están a asumir os Concellos no cumprimento do protocolo pola COVID-19
4. Ofrecer a colaboración plena do Concello de Culleredo coa Consellería de Educación na execución de actuacións ao seu alcance co este mesmo obxectivo.”

C.I.F. P-1503100-H

**4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR SOLICITANDO A LICITACIÓN DAS OBRAS DE DRAGADO DA RÍA DO BURGO.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Popular presentada no rexistro municipal o día 21 de setembro de 2020 (número 2020/7069), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“**MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA LICITACION DE LAS OBRAS DE DRAGADO DE LA RIA DO BURGO.**



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN:**

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

El Gobierno gallego, dentro de la línea de actuación que está desarrollando encaminada a limpiar las rías gallegas, invirtió 100 millóns de euros en el saneamiento de la Ría do Burgo. Esta inversión se utilizó concretamente en actuaciones de apoyo a los concellos de la ría para sus competencias de saneamiento y depuración de las aguas residuales, fundamentalmente en beneficio de los municipios de A Coruña, Oleiros, Culleredo y Cambre.

Una vez finalizadas estas obras de saneamiento y para completar la mejora de la calidad ambiental del entorno, el Gobierno de España, competente en la regeneración del litoral, impulsó el proyecto del dragado de la Ría do Burgo y consigno una partida de 24 millones de euros en el Presupuesto del 2018, que sigue siendo el presupuesto vigente en la actualidad.

Con el fin de completar la inversión necesaria para la ejecución del dragado, un total de 46,3 millóns de euros, y por sugerencia de la propia Administración Autonómica, el actual Gobierno de España realizó los trámites oportunos para cofinanciar esta actuación con fondos europeos del tramo estatal.

Después de meses desde que se completaron estos trámites, es cierto que el Ministerio de la Transición Ecológica y el Reto Demográfico no procedió a la licitación de las obras del dragado de la Ría do Burgo.

La excusa del Ministerio, esta vez era que, con carácter previo al inicio de las obras de dragado, se tenía que suspender la actividad marisquera. Los servicios jurídicos de la Xunta acreditaron ya convenientemente que esa circunstancia no supone ningún impedimento para la inmediata licitación de las obras de dragado. Finalmente la Abogacía del Estado le dio la razón a los servicios jurídicos de la Xunta y la actividad marisquera se detendrá una vez que comiencen las obras, nunca antes de la licitación.

El 17 de este mes, el Ministerio envió a la Consellería do Mar la aprobación definitiva del Proyecto de Dragado de la Ria do Burgo contestando a las alegaciones que se habían presentado y dejando en evidencia que el Ministerio tuvo que buscar excusas para retrasar la licitación mientras no tuviera la aprobación definitiva del proyecto.

Desde este grupo municipal y a tenor de los hechos reflejados, consideramos que no hay razones objetivas para dilatar más en el tiempo la licitación y ejecución del dragado de la Ría do Burgo por el gobierno central, actuación que resulta necesita y urgente.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

**ACUERDOS**

Instar al Gobierno del Estado que:

1. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, toda vez que se tiene:
   - la aprobación definitiva del Proyecto
   - no hace falta esperar a aprobar unos nuevos presupuestos pues ya hay partida destinada para ello en los Presupuestos del 2018, vigentes actualmente."

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que por respecto van votar a favor desta moción pero é practicamente igual á que se votou no pasado pleno e que se está tratando de consensuar as mocións, rectificalas e buscar unha redacción xusta e agora non entende por que se trae esta moción que practicamente é idéntica á que xa se votou no anterior pleno a proposta do grupo político Popular e modificada e consensuada polos demáis grupos, considerando que esta última é máis completa que a que hoxe se presenta neste punto.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que xa que houbo consenso no anterior pleno quere indicar que ao seu grupo lle doe moito votar en contra dunha moción que vai a favor do que todos queren independentemente de que non están totalmente a favor do que se recolle na exposición de motivos polo que solicita poder emendar o texto que se propón non cambiando sustancialmente o que o grupo político Popular pide pero reiterando unha vez máis o que se dixo no anterior pleno.

Fai uso da palabra a Sra. García Gorostizu e di que no anterior pleno o que se solicitaba era que se chegara a un consenso e agora xa se viu que a Xunta tiña razón e que non facía falta que os mariscadores e as mariscadoras deixaran de traballar ata que as obras comezaran.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que el o único que pretende é matizar unha cuestión e propón como emenda cambiar a condicional a forma verbal da parte final da moción que di que "-no hace falta esperar a aprobar unos nuevos presupuestos pues ya hay partida destinada para ello en los Presupuestos del 2018, vigentes actualmente." e substituíla polo seguinte: "si no hiciera falta esperar a aprobar unos nuevos presupuestos pues ya hay partida destinada para ello en los Presupuestos del 2018, vigentes actualmente."

Responde a Sra. García Gorostizu e di que ela non está a favor desta emenda pois non é necesario esperar a aprobar uns novos orzamentos cando xa están aprobados os do 2018 e son vixentes actualmente.



Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que ela é a dona da moción.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo solicitan que rematen os permanentes conflitos entre as diferentes administracións, entre o Goberno Central e a Xunta de Galicia pois tanto o PSOE como o PP tiveron responsabilidades de goberno en Madrid, e o PP na Xunta de Galicia, polo que solicitan se deixen de progaganda partidista pois é necesario comezar coas actuacións para rexenerar a Ría do Burgo, habendo demandas formuladas desde hai moitos anos pola Cofradía de Pescadores da Coruña, pola Plataforma pola Defensa da Ría do Burgo e polos integrantes da Mesa da Ría, polo que toda a Corporación, como representantes da veciñanza e polo tanto dun colectivo como é o marisqueiro, deben poñerse arreo entre todos e esixirlle a ditas administracións un entendemento, que se poñan de acordo definitivamaente e liciten o Dragado da Ría do Burgo deixando antes claros o orzamento e prazos de execución, a compensación económica aos afectados, ou sexa, ás persoas adicadas ao marisqueo, sincronizar os traballos de obra e da actividade produtiva, restauración ecolóxica e protección do ecosistema e nomear unha comisión de seguimento das ditas obras.

Continúa a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e di que en definitiva, a demanda que solicita a Agrupación do Marisqueo a Pe da Cofradía de Pescadores da Coruña é que tódalas forzas políticas do Concello de Culleredo (PSOE, PP, BNG e Alternativa dos Veciños) subscriban todos o apoio aos mariscadores da Ría do Burgo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo votou a favor da urxencia porque cren que sempre está ben falar das cousas pero isto lles parece un pouco distópico pois máis adiante preséntase unha moción urxente, consensuada tamén polo grupo politico Popular, na que os catro grupos que conforman a Corporación fanse eco dun texto que dirixiu a Agrupación de marisqueo a pe da Cofraría de pescadores da Coruña, colectivo que ten abandeirado esta loita durante décadas, e que vai dirixida á Xunta de Galicia e ao Goberno español cunha terminoloxía que eles escolleron e di isto porque todos saben ler entre liñas; que considera que o grupo político Popular debería retirar a moción que se presenta neste punto porque xa vai unha moción institucional con fundamento de base e a moción que se presenta neste punto parece que quere dicir que Rajoy é o bo e Sánchez é o malo e ao BNG non lle vai ese maniqueísmo porque

neste momento é menos útil que nunca; que o que había era un debate pendente de resolver entre os servizos xurídicos e que se lle preguntaran a el, opinión totalmente pagana pois non é un experto xurídico, optaría por ditar dúas resolucións cunha distancia temporal dunha hora ou dúas na que se suspendera a concesión de licenzas de marisqueo e acto seguido se autorizaran de novo, publicándose ambas as dúas no BOE e no DOGA do mesmo día e isto non supón ningunha complicación nin que un teña razón e outro non, simplemente indica que cando hai un problema resólvese e se se le a exposición de motivos da moción que se presenta neste punto parece un programa electoral e hai uns días un profesor de dereito administrativo da Universidade da Coruña escribía un texto no que dicía que unha posible solución sería que as licitacións incorporaran un texto que incluira cláusulas de garantía social que estableceran que o contrato contemplara que o adxudicatario tivera a obriga de contratar ao colectivo de mariscadores para participar no traballo porque hai unha serie de traballos para os que seguramente eles están máis cualificados e máis informados que ninguén e esa era unha das alternativas que ao Sr. Chouciño lle parece bastante acertada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que xa lle contestou ao Sr. alcalde que non a van retirar pois consideran que hai variación respecto da presentada no pleno anterior pois nesa ocasión pedíase que os servizos xurídicos das dúas administracións chegasen a un acordo e agora xa se chegou a este acordo.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que tal como comentou o voceiro do BNG a el lle dá pena votar en contra dunha moción deste tipo e que despois aínda encima se vaia utilizar coas ideas torticeras que caracterizan ao grupo político Popular e que o seu grupo non se vai opoñer a que esta moción saia adiante pero que en todo caso o seu voto será de abstención porque non comparten o argumentario nin integramente as conclusións e que subscriben totalmente o que dixo o Sr. Chouciño Garrido pois hai unha moción consensuada na que se puideron incorporar propostas

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político Popular resulta aprobada, polo que devén en acordo nos termos expostos.

**5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN Á APLICABILIDADE DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DERIVADO DA PANDEMIA (COVID-19) NO CURSO ESCOLAR 2020-2021, EN CONCRETO EN RELACIÓN AO CENTRO RURAL AGRUPADO DE CULLEREDO (CRA).**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños, de data 18 de setembro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECÑOS de Culleredo, ao abeiro do disposto no vixente Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro retomouse de forma escalonada o inicio do curso escolar 2020-2021, ano marcado polo parón derivado da Pandemia producida pola COVID-19 e que supuxo que o Dereito á Educación, dereito fundamental recollido pola nosa Constitución, se vise condicionado ou incluso limitado, dada a situación inédita que se estivo a vivir cun estado de alarma no que foi necesario e obrigado establecer o peche dos centros educativos.

Sendo conscientes do esforzo realizado polo profesorado, polas familias e polo propio alumnado galego onde as competencias en educación son responsabilidade da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia), no ámbito do noso termo municipal, e con independencia das desigualdades existentes nos diferentes recursos dos nosos veciños a nivel socio-económico, dita situación viuse agravada pola fenda dixital que está a sufrir o noso Concello, tanto nas zonas urbanas coma nas zonas ruraris, onde dito problema é  maior se cabe.

C.I.F. P-1503100-H

Dita deficiencia no servizo dixital fixo, e fai, que os alumnos de tódalas idades, non puidesen acceder con tódalas garantías a unha educación a distancia, pese ao esforzo realizado polo profesorado e polas familias, polo que, dada a situación que se está a vivir, cunha posible volta atrás co peche de aulas e centros educativos, é necesario en previsión da dita situación, que por parte deste Concello de Culleredo, e sempre polo ben dos nosos veciños, se adopten as medidas necesarias para mudar dita situación.

Así insistir na necesidade de acadar acordos cas empresas subministradoras dos devanditos Servizos para que, e de forma inmediata, se dote ao noso Concello dunha rede dixital con capacidade para ser utilizada por tódolos culleredenses (alumnos, pais, nais, e toda a veciñanza en xeral)

Dito o cal, e desexando que esta “nova normalidade” non supoña un retroceso que obrigue a tomar medidas coma a do peche dos nosos centros educativos, non cabe dúbida de que este curso é un ano excepcional para todos, que nos atopamos nun ano onde a prioridade principal dos nosos centros é a de adoptar as medidas que garantan a maior, senón a total, seguridade posible no desenvolvemento do curso.

Dende ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo queremos neste momento poñer a nosa atención na realidade que están a vivir as escolas do Concello dos máis pequenos como son os CRA de Culleredo, nos que o ser escolas rurais onde unicamente se imparte educación infantil, (3 a 5 anos) non contan cos mesmos servizos que os existentes nos centros educativos do Concello nos que tamén se imparte dita educación infantil.

En concreto estamos a falar das 4 escolas do CRA de Culleredo (A Choeira: 2 aulas; Vinseira: 1 aula; Sésamo: 1 aula; Ledoño: 1 aula, cun total de 62 alumnos, os cais están adscritos ao CEIP Plurilingüe de Tarrío), nas que non contan cun espazo cuberto (patio) tan demandado polas familias, para que, dadas as dimensións das aulas os máis cativos poidan en tempo de lecer saír ó aire libre e estar a cuberto nos días en que o tempo non o permita, carencia mais que latente na situación excepcional que estamos a vivir do COVID-19, se nón queremos que os nosos pequenos pasen a meirande parte do curso pechados entre catro paredes.

Co Protocolo aprobado pola Xunta de Galicia, no que en centros coma os que estamos a falar, a maior responsabilidade descansa nos propios docentes convertidos en “EQUIPOS COVID-19”, e despois nas propias familias, dada a falta de medios, e dado o tempo invernal no que imos entrar, espérase, neste intre, que os que

menos responsabilidade teñen á hora de intentar paliar os efectos desta lamentable situación (os cativos), cun risco elevado de contaxio entre eles (COVID-19 e demais virus), asuman a maior responsabilidade permanecendo durante horas nas denominadas “aulas burbuxa”, ao non contar con espazos cubertos nos que permanecer no tempo de lecer se as inclemencias do tempo non o permiten.

Así establécese en dito Protocolo nun dos seus puntos que: “PRIORIZARANSE AS ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE”, polo que para que nos CRA de Culleredo se poida dar cumprimento ó mesmo é necesario que ditas escolas conten cun espazo, por mínimo que sexa, que permita que os cativos saian o exterior, choiva ou non, incluso namentres se ventilan as aulas tal e coma esixe o tan nomeado Protocolo da Xunta.

Cumpre deste xeito que dende este Concello de Culleredo, e a ser posible co apoio dos distintos grupos políticos que conforman esta Corporación, se adopten as medidas necesarias para dotar ás distintas escolas que conforman o CRA de Culleredo de espazos cubertos os que poidan saír os nosos cativos.

Por todo elo, dende ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo, sometemos a aprobación do Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

1.- Que se inste de forma urxente á Xunta de Galicia a realizar as obras definitivas de cubrición de espazos en cada unha das escolas que conforman o CRA de Culleredo, en atención a cada unha das súas posibilidades, para que os cativos poidan desfrutar dun espazo cuberto ó aire libre de forma permanente para vindeiros cursos.

2.- Que dende xa, e de forma urxente, e namentres non se poidan acometer as referidas obras de maneira definitiva por mor dos trámites económico-burocráticos das distintas Administracións implicadas, sexa o Concello de Culleredo, quen de maneira provisional asuma a cubrición de ditos espazos instalando carpas en cada unha das escolas ca única finalidade de garantir a maior seguridade dos nosos pequenos, e deste xeito colaborar no cumprimento do Protocolo da Xunta.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños quen, unha vez concedido,procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai votar a favor desta moción  pero que non entende como co tempo que levan gobernando os socialistas en Culleredo non se fixo antes por parte do Concello pois parece incrible que se paguen carpas noutros lugares que dean lugar a facturas irrregulares e que non se faga neste caso, esperando que o equipo de goberno non poña problemas neste caso pois polo menos será por unha boa fin.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o Concello de Culleredo, ao que está obrigado, poida ou non facerse, é ao mantemento dos colexios e non á construción de ningún elemento; que por exemplo en Ledoño está proxectado realizar unha cuberta unha vez que a Deputación dea o seu consentimento pero que no referente á cuberta do resto de escolas municipais ten que indicar que en reunións anteriores que fixeron sobre este tema non obtiveron o beneplácito dos técnicos municipais entre outras cousas porque non é competencia do Concello construir nun espazo que non é propio.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno está de acordo coa esencia da moción e que están de acordo co primeiro punto para que se inste de forma urxente á Xunta de Galicia a realizar as obras definitivas e de feito o Concello de Culleredo xa ten feito os estudos para cubrir os CRA de Culleredo pero queren propoñer unha emenda ao segundo punto para poder votar a favor da moción que se presenta porque está demostrado que as carpas non son un sitio seguro para os rapaces e os técnicos son os que deben indicar posibles solucións, propoñendo á seguinte redacción:

"Que dende xa, e de forma urxente, e namentres non se poidan acometer as referidas obras de maneira definitiva por mor dos trámites económico-burocráticos das distintas Administracions implicadas, o Concello de Culleredo, de maneira provisional, estude as posibilidades de dotar dalgún sistema de cubrición provisional mentras non se realicen as obras de cubrición definitiva."

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o sistema das carpas é un sistema que se está utilizando noutras actividades e está de acordo en que hai que esixirlle á Xunta unha solución a este problema e o equipo de goberno solicita que os técnicos indiquen que medida sería máis adecuado adoptar polo que pregunta canto tempo levaría darlle unha solución provisional a este problema

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que non é o mesmo contratar unha carpa para unha actividade puntual que ter unha carpa constantemente colocada diante dun colexio porque incluso podería haber danos a terceiros polo que o equipo de goberno comprométese a facer un estudio e debe ser a Xunta, que é a que ten a competencia, a que dote aos CRAs do presuposto necesario.

A continuación o Sr. Mourelle Botana pregunta se se podería marcar neste pleno unha data aproximada.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non hai problema e que propoña el un prazo.

A continuación o Sr. Mourelle Botana pregunta se se podería ter solucionado en quince días.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que quince días é moi pouco.

O Sr. Mourelle Botana pregunta entón se un mes sería un prazo razonable.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que nun mes si podería estar feito o informe.

O Sr. Mourelle Botana pregunta se nun mes podería estar feito o informe e solucionado o problema.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el non pode garantir que estea todo solucionado porque vai depender do que indiquen os informes técnicos, podendo ocurrir que sexan desfavorables para a carpa e haxa que buscar outra solución máis viable e máis segura e que poida perdurar no tempo namentres non se adopte outra solución.

A continuación intervén o Sr. Mourelle Botana e pregunta se o Sr. alcalde-presidente se compromete a buscar unha solución á cuberta mentres a Xunta non adopte a solución definitiva.

Responde o Sr. alcalde-presidente que si, que ese é o seu compromiso.

A continuación a Presidencia somete a votación a moción do grupo político Alternativa dos Veciños coa emenda proposta polo grupo socialista, engadíndolle o prazo dun mes acordado durante o debate, resultando aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político Alternativa dos Veciños, coa emenda proposta e o prazo acordado, resulta aprobada quedando redactada do seguinte xeito:

O Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECÑOS de Culleredo, ao abeiro do disposto no vixente Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro retomouse de forma escalonada o inicio do curso escolar 2020-2021, ano marcado polo parón derivado da Pandemia producida pola COVID-19 e que supuxo que o Dereito á Educación, dereito fundamental recollido pola nosa Constitución, se vise condicionado ou incluso limitado, dada a situación inédita que se estivo a vivir cun estado de alarma no que foi necesario e obrigado establecer o peche dos centros educativos.

Sendo conscientes do esforzo realizado polo profesorado, polas familias e polo propio alumnado galego onde as competencias en educación son responsabilidade da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia), no ámbito do noso termo municipal, e con independencia das desigualdades existentes nos diferentes recursos dos nosos veciños a nivel socio-económico, dita situación viuse agravada pola fenda dixital que está a sufrir o noso Concello, tanto nas zonas urbanas coma nas zonas ruraris, onde dito problema é  maior se cabe.

Dita deficiencia no servizo dixital fixo, e fai, que os alumnos de tódalas idades, non puidesen acceder con tódalas garantías a unha educación a distancia, pese ao esforzo realizado polo profesorado e polas familias, polo que, dada a situación que se está a vivir, cunha posible volta atrás co peche de aulas e centros educativos, é necesario en previsión da dita situación, que por parte deste Concello de Culleredo, e sempre polo ben dos nosos veciños, se adopten as medidas necesarias para mudar dita situación.

Así insistir na necesidade de acadar acordos cas empresas subministradoras dos devanditos Servizos para que, e de forma inmediata, se dote ao noso Concello dunha rede dixital con capacidade para ser utilizada por tódolos culleredenses (alumnos, pais, nais, e toda a veciñanza en xeral)

Dito o cal, e desexando que esta “nova normalidade” non supoña un retroceso que obrigue a tomar medidas coma a do peche dos nosos centros educativos, non cabe dúbida de que este curso é un ano excepcional para todos, que nos atopamos nun ano onde a prioridade principal dos nosos centros é a de adoptar as medidas que garantan a maior, senón a total, seguridade posible no desenvolvemento do curso.

Dende ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo queremos neste momento poñer a nosa atención na realidade que están a vivir as escolas do Concello dos máis pequenos como son os CRA de Culleredo, nos que o ser escolas rurais onde unicamente se imparte educación infantil, (3 a 5 anos) non contan cos mesmos servizos que os existentes nos centros educativos do Concello nos que tamén se imparte dita educación infantil.

En concreto estamos a falar das 4 escolas do CRA de Culleredo (A Choeira: 2 aulas; Vinseira: 1 aula; Sésamo: 1 aula; Ledoño: 1 aula, cun total de 62 alumnos, os cais están adscritos ao CEIP Plurilingüe de Tarrío), nas que non contan cun espazo cuberto (patio) tan demandado polas familias, para que, dadas as dimensións das aulas os máis cativos poidan en tempo de lecer saír ó aire libre e estar a cuberto nos días en que o tempo non o permita, carencia mais que latente na situación excepcional que estamos a vivir do COVID-19, se nón queremos que os nosos pequenos pasen a meirande parte do curso pechados entre catro paredes.

Co Protocolo aprobado pola Xunta de Galicia, no que en centros coma os que estamos a falar, a maior responsabilidade descansa nos propios docentes convertidos en “EQUIPOS COVID-19”, e despois nas propias familias, dada a falta de medios, e dado o tempo invernal no que imos entrar, espérase, neste intre, que os que menos responsabilidade teñen á hora de intentar paliar os efectos desta lamentable situación (os cativos), cun risco elevado de contaxio entre eles (COVID-19 e demais virus), asuman a maior responsabilidade permanecendo durante horas nas denominadas “aulas burbuxa”, ao non contar con espazos cubertos nos que permanecer no tempo de lecer se as inclemencias do tempo non o permiten.

Así establécese en dito Protocolo nun dos seus puntos que: “PRIORIZARANSE AS ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE”, polo que para que nos CRA de Culleredo se poida dar cumprimento ó mesmo é necesario que ditas escolas conten cun espazo, por mínimo que sexa, que permita que os cativos saian o exterior, choiva ou non, incluso namentres se ventilan as aulas tal e coma esixe o tan nomeado Protocolo da Xunta.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Cumpre deste xeito que dende este Concello de Culleredo, e a ser posible co apoio dos distintos grupos políticos que conforman esta Corporación, se adopten as medidas necesarias para dotar ás distintas escolas que conforman o CRA de Culleredo de espazos cubertos os que poidan saír os nosos cativos.

Por todo elo, dende ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo, sometemos a aprobación do Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

1.- Que se inste de forma urxente á Xunta de Galicia a realizar as obras definitivas de cubrición de espazos en cada unha das escolas que conforman o CRA de Culleredo, en atención a cada unha das súas posibilidades, para que os cativos poidan desfrutar dun espazo cuberto ó aire libre de forma permanente para vindeiros cursos.

2.- Que dende xa, e de forma urxente, e namentres non se poidan acometer as referidas obras de maneira definitiva por mor dos trámites económico-burocráticos das distintas Administraciones implicadas, o Concello de Culleredo, de maneira provisional, estude, no prazo dun mes, as posibilidades de dotar dalgun sistema de cubrición provisional mentras non se realicen as obras de cubrición definitiva.

**6.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 16/03/2020 (código de documento UIT14I0081)
- Informe de data 09/07/2020 (código de documento UIT14I00FZ)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GR)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GQ)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GP)
- Informe de data 29/07/2020 (código de documento UIT14I00GV)
- Informe de data 28/07/2020 (codigo de documento UIT14I00GO)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GN)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GK)
- Informe de data 28/07/2020 (código de documento UIT14I00GJ)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HS)
- Informe de data 17/08/2020 (código de documento UIT14I00HR)
- Informe de data 29/07/2020 (código de documento UIT14I00GW)
- Informe de data 26/08/2020 (código de documento UIT14I00I4)
- Informe de data 28/08/2020 (código de documento UIT14I00IV)



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**7.- DACIÓNS DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

A presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 193 resolucións numeradas da 928 á 1120 do ano 2020, que se relacionan de seguido:

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO PLENO 24-09-2020 |
| --- | --- | --- |
| 928 | 24/07/2020 | Levantamento reparo suspensivo Intervención Xeral e avocación competencia adxudicación contrato "Servizo de transporte para trasladar as persoas participantes nos espazos e aulas de benestar social e as participantes en saídas, eventos e viaxes… |
| 929 | 24/07/2020 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña no PROCEDEMENTO ORDINARIO 39/2020. (Recurso contencioso administrativo interposto por SERVICIOS DE CATERING DEL TEMPLE SL). |
| 930 | 24/07/2020 | Modificación da resolución núm. 886 do 13-07-2020. |
| 931 | 24/07/2020 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27-07-2020. |
| 932 | 24/07/2020 | Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 01-04-2020 e o 30-06-2020. |
| 933 | 24/07/2020 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 5527/2020 e máis. |
| 934 | 24/07/2020 | Aprobación da devolución a ALISEDA SAU, da cantidade indebidamente ingresada en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana por importe de 236,88€ máis 11,46€ en concepto de intereses de demora dende a data do ingreso. |
| 935 | 24/07/2020 | Aprobación da cancelación do aval constituído por ALUMEA SL por importe de 2.004,95€ en concepto de garantía definitiva do contrato: "alumbrado público en rúa Río Mandeo e rúa Montespiño (Zapateira)". |
| 936 | 24/07/2020 | Concesión a A.P.V. da licenza municipal de obras para a reforma de aseo, pintado de paramentos interiores e pintado da fachada exterior nunha vivenda situda na rúa Lorenzo Varela, parroquia de Orro. |
| 937 | 24/07/2020 | Aceptación da renuncia formulada por P.B.G. da súa licenza de obras para a construción dunha vivenda no lugar de Barrio, parroquia de Sueiro. |
| 938 | 24/07/2020 | Concesión a A.M.S.R. dunha axuda económica para o pago das cotas de comunidade correspondentes a 17 cotas de 60€ desde xullo de 2018 a decembro de 2019 e 1 cota de 30€ do ano 2020. |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 24-09-2020 |
|---|---|---|---|
| 939 | 24/07/2020 | Concesión a M.B.J.J. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€. | |
| 940 | 24/07/2020 | Concesión a R.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€. | |
| 941 | 24/07/2020 | Concesión a M.V.R. do Bono de alimentos tipo A e do bono de hixiene tipo A durante cinco meses e cunha entrega bimensual. | |
| 942 | 24/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.P.S. do recibo de auga por importe de 64,71€ correspondente ao 1º trimestre de 2020 e do recibo de luz de 210,40€ correspondente ao período do 09-03-2020 ao 02-07-2020. | |
| 943 | 24/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago M.A.C.Q. recibo de electricidade do 9 de xaneiro (72,42€), 6 de febreiro (66,20€), 2 de marzo (76,81€), 29 de marzo (65,45€), 30 de abril (70,99€), 31 de maio (59,77€) e 29 de xuño (57,06€) de 2020. | |
| 944 | 27/07/2020 | Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 30-07-2020. | |
| 945 | 27/07/2020 | Solicitude participación Concello de Culleredo na convocatoria do programa de subvencións para a promoción do uso da lingua galega e para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2020 por un importe de 30.977,35€. | |
| 946 | 27/07/2020 | Posta en marcha da convocatoria de solicitude e adxudicación de prazas na actividade da Coral de Adultos do Conservatorio Municipal de Música para o curso 2020. | |
| 947 | 28/07/2020 | Aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección dun técnico/a de turismo (persoal laboral temporal). | |
| 948 | 28/07/2020 | Concesión F.R.B.I. axuda económica pago do recibo de gas dos meses de outubro-decembro de 2019 por importe de 54,30€, pago do recibo de auga do 4º trimestre 2019 por importe de 60,94€ e concesión axuda pago recibos auga, electricidade e gas de 2020. | |
| 949 | 28/07/2020 | Concesión a S.A.N.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€. | |
| 950 | 28/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago A.M.D.L. recibos de electricidade dos meses de xaneiro (19,37€), febreiro (18,96€), marzo (20,17€), abril (20,47€), maio (20,36€) e xuño (18,40€) de 2020 e recibos de gas de febreiro (52,99€) e máis. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 24-09-2020 |
|---|---|---|---|
| 951 | 28/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.D.V. recibo de auga por importe 58,79€ do 4º trimestre de 2019, do recibo de luz de 125,04€ do período do 2 de xaneiro ao 3 de xuño de 2020 e do recibo de comunidade de 70€ do 1º trimestre 2020. | |
| 952 | 28/07/2020 | Concesión a M.L.V.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€. | |
| 953 | 28/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de luz por importe de 25,93€ do período do 16 de abril ao 16 de xuño de 2020 e do recibo de gas por importe de 36,80€ do período do 14 de abril ao 11 de xuño de 2020. | |
| 954 | 28/07/2020 | Concesión a C.I.L. dunha axuda económica para o pago de alugueiro dos meses de abril a xullo de 2020 por un importe mensual de 250€, dunha axuda económica para pago do recibo de electricidade por importe total de 54,61€ do 02/04/2020 ao 03/06/2020 e máis. | |
| 955 | 28/07/2020 | Concesión a M.B.G. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos). | |
| 956 | 28/07/2020 | Concesión a M.B.A. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos) e denegación a J.M.B. do servizo de Axuda a domicilio. | |
| 957 | 28/07/2020 | Concesión a G.C.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos). | |
| 958 | 29/07/2020 | Autorización prórroga á empresa INSTELEC ata 22-08-2021, contrato prestación servizo conservación instalacións alumeado público, mantemento e revisións periódicas instalacións eléctricas edificios municipais e instalación e mantemento iluminacións festivas. | |
| 959 | 29/07/2020 | Corrección erro detectado na resolución 772/2020. | |
| 960 | 29/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos (C.P. EDIFICIO MIRADOR-74,80€ e máis). | |
| 961 | 29/07/2020 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 7664/2020 e máis. | |
| 962 | 29/07/2020 | Solicitude de adhesión á rede de axentes e persoal técnico de emprego e desenvolvemento local, Rede Xatemprego, e a inclusión na mesma do persoal técnico M.G.C. | |
| 963 | 30/07/2020 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 03-08-2020. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO PLENO 24-09-2020 |
| --- | --- | --- |
| 964 | 30/07/2020 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para adxudicación do contrato de subministro "Tarxetas de visita do Centro Municipal de Formación Pablo Picasso" |
| 965 | 30/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago recibo auga por 54,40€ correspondente ao 1º trim/2020 e recibo gas por 34,63€ do 14 de abril o 11 de xuño de 2020 a M.I.M.B. |
| 966 | 30/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago do recibo de auga por 60,94€ correspondente ao 1º trim. 2020 a J.G.M. |
| 967 | 30/07/2020 | Concesión a J.P.V dunha ampliación no servizo mpal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana. |
| 968 | 31/07/2020 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, os días 3 e 4 de agosto de 2020. |
| 969 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas da relación O/2020/69 (A0 Mayores Servicios Sociales SL, 501,90€ e máis) |
| 970 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas da relación O/2020/68 (Limpeza e Servicios Xalo SL, 14.779,44 € e máis) |
| 971 | 31/07/2020 | Orde a Herdeiros de M.F.S da realización nos terreos da súa propiedade da limpeza e desbroce necesarios para manter o terreo en condicións de seguridade/salubridade. |
| 972 | 31/07/2020 | Aprobación liquidacións contidas nos padróns relativos a taxas por prestación de servizo de distribución de auga e depuración de augas residuais 2º trim. 2020 |
| 973 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo alugueiro meses abril, maio e parte de xuño de 2020. |
| 974 | 31/07/2020 | Concesión a L.M.L.S dunha axuda económica pago alugueiro 1.000€ meses xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2020. |
| 975 | 31/07/2020 | Concesión a T.E.G dunha axuda económica pago alugueiro meses abril, maio e parte de xuño 2020 por importe de 1075 €. |
| 976 | 31/07/2020 | Concesión a M.C dunha axuda económica pago alugueiro meses febreiro, marzo, abril e parte de maio de 2020 por importe de 1075€. |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO PLENO 24-09-2020 |
| --- | --- | --- |
| 977 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento recibos alugueiro por 800 € correspondente aos meses de marzo, abril, maio e xuño 2020; recibos electricidade do 2 de xaneiro ao 2 de abril de 2020 a nome de L.M.B.V. |
| 978 | 31/07/2020 | Concesión a M.M.R. dunha axuda económica pago alugueiro de 1050 € correspondente aos meses de maio a xullo 2020 . |
| 979 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes a bono alimentos, hixiene e lactantes de Mercartabria a M.M.S, J.M.L.G, J.F.S, D.V.S.N, C.J.A, S.A.N e T.L.A. |
| 980 | 31/07/2020 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes a bonos de auga de B.B.R, B.B.S e J.D.J.C . |
| 981 | 03/08/2020 | Orde a E.M.P de demolición das obras no tellado, cambio ventás tabiquería interior e instalación de auga e electricidade na vivenda sita na rúa Barbán. |
| 982 | 03/08/2020 | Concesión de bonificación do 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a M.J.A.A. no domicilio sito no lugar de Orro con efectos de 1 de xullo de 2020. |
| 983 | 03/08/2020 | Aprobación reembolso da cantidade ingresada polo concepto de ICIO por importe de 3814,52 € a P.B.G. |
| 984 | 05/08/2020 | Declaración xubilación voluntaria a solicitude do interesado a C.D.V.S con efectos do 7 de decembro de 2020. |
| 985 | 05/08/2020 | Recoñecemento a M.G.R.V aos efectos de trienios do tempo de servizos previos prestados con efectos económicos de xuño 2020. |
| 986 | 05/08/2020 | Acceso a C.D.G ao Expte. UPO/2020/70 e aos documentos referidos na súa solicitude. |
| 987 | 05/08/2020 | Concesión a M.S.G do servizo mpal de teleasistencia domiciliaria. |
| 988 | 06/08/2020 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, os días 11, 12 e 13 de agosto de 2020. |
| 989 | 06/08/2020 | Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento de gastos e ordenación de pagos (GALICIA CONSULTORIA E FORMACION S COOP GALEGA, 2.100 €). |
| 990 | 06/08/2020 | Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento de gastos e ordenación de pagos da relación O/2020/75 ( ORTO PARQUES Y JARDINES SL, 24.737,74 € e máis). |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO PLENO 24-09-2020 |
| --- | --- | --- |
| 991 | 06/08/2020 | Concesión a L.M.R.H dunha axuda económica pago alugueiro por importe de 1.075,68 € correspondente aos meses maio, xuño, xullo e agosto de 2020. |
| 992 | 06/08/2020 | Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición, recoñecemento de gastos e orde de pagos da relación O/2020/74 (PLUS ULTRA, SEGUROS GENERALES Y VIDA, SA DE SEGUROS Y REAS, 550,03 € e máis). |
| 993 | 06/08/2020 | Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento de gastos e ordenación de pagos da relación O/2020/73 (ELEFANTE ELEGANTE SC, 10.890,00 € e outro). |
| 994 | 06/08/2020 | Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento de gastos e ordenación de pagos da relación O/2020/72 (LA VOZ DE GALICIA SA, 415 € e máis). |
